

**ACTA NÚM. 1/2021.**

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2021.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 3 de febreiro de 2021, reuníronse por vía telemática por mor do covid-19, en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

CARLOS NOYA PEREIRA.  
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.  
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.  
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.  
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.  
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.  
NATALIA FARIÑA GARCÍA.  
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.  
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asiste:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 16.12.2020.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2021".

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O POS + ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

---

**1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 16.12.2020.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 10/2020, do 16.12.2020.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

**2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS + 2021”.**

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 02.02.2021, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2021” da Deputación, publicadas no BOP do 01.12.2020, e modificación posterior publicada no BOP do 31.12.2020.

Vista a circular sobre aprobación das bases remitida pola Deputación mediante escrito de novembro 2020, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>	0	0	0

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	230.267,13
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	230.267,13

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Pavimentación da travesía de Bastavaliños	142.816,54	0	142.816,54

Ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas aldeas de San Salvador e O Cabo	35.755,84	0	35.755,84
Mellora das redes de saneamento e pluviais na aldea de Tourís	36.134,35	0	36.134,35
Ampliación das redes de abastecemento e saneamento na aldea de Lamiño	25.371,79	8.620,27	33.992,06
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	<b>240.078,52</b>	<b>8.620,27</b>	<b>248.698,79</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	<b>0</b>

**E) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	Achega 2020			
	Achega 2021			
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2021	230.267,13		230.267,13
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2021			
	Achega 2020	240.078,52	8.620,27	248.698,79
<b>D- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	Préstamo 2021			
<b>TOTAL</b>	Achega 2021	230.267,13		230.267,13
	Achega 2020	240.078,52	8.620,27	248.698,79
	Préstamo 2021			
	<b>TOTAL</b>	<b>470.345,65</b>	<b>8.620,27</b>	<b>478.965,92</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Mellora de viarios en O Cabo e A Graña	283.474,92
Ampliación das redes de abastecemento e saneamento na aldea de Buio	36.005,01

<b>TOTAIS</b>	319.479,93

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o noso voto vai ser afirmativo pero con reservas, como os últimos anos, polo feito de que non se conta coa oposición para poder chegar a acordos ou propoñer alternativas, sen discrepar coas obras que están postas sobre a mesa; unha vez máis non se fixo, é unha política de feitos consumados que será beneficiosa para os veciños, pero que hai outras formas de facer este traballo e esperamos que co orzamento se conte con nós.

Por outra banda sinalar que se facilitou desde a Deputación a contratación mediante a figura dos contratos menores, que permite este ano, e que se empregue sempre que se poida, e que cando este plan se aprobe pola Deputación se contraten á maior brevidade posible porque hai moitos concellos, aínda que non é o caso de Brión, que teñen moito retraso na execución dos plans de obras e servizos.

O Sr. Alcalde sinala que estas obras son demandadas polos veciños desde hai anos por escrito; é certo que se os puido facer chegar antes pero con todo o tema este da pandemia non se nos pasou pola cabeza a súa presentación, e remata sinalando que esperamos executalas o antes posible.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:  
 Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).  
 Votos en contra: 0.  
 Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

**3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O POS + ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.**

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 02.02.2021, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do POS+ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS da Deputación, publicadas no BOP do 01.12.2020, e modificación posterior publicada no BOP do 31.12.2020.

Vista a circular sobre aprobación das bases remitida pola Deputación mediante escrito de novembro 2020, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2021”** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	139.555,83 €
---	--------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.  (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.			

c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.			
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.  (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)  Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.			
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	175.800,00	35.200,00	140.600,00
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	500,00	0,00	500,00
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.			
<b>T O T A L</b>	<b>176.300,00</b>	<b>35.200,00</b>	<b>141.100,00</b>

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que é un plan social motivado pola pandemia, e que os importes da Deputación teñen que ser complementarios dos que fagan os concellos, esperemos que nos orzamentos figuren máis cartos, porque non vai pagar eses servizos só a Deputación.

O Sr. Alcalde sinala que como ben dixeches é unha previsión de gastos, e que cando se faga o orzamento non se vai reducir gasto social.



O Sr. Concelleiro sinala que no orzamento non se debe reducir o gasto social, senón que incluso debe incrementarse, porque se a Deputación fai un esforzo o Concello tamén debe facelo.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González